

apego

Actividades para a socialización en galego da infancia

Inverno de 2018



concello de CARBALLO

www.apego.gal



+info:

Para o proxecto Apego e as actividades organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística (SNL)
Pazo da Cultura 2.º andar
981 704 304
nelvidal@carballo.gal

Para as actividades organizadas pola Concellaría de Cultura
981 704 300
culturacarballo@carballo.gal

Para as actividades organizadas pola Biblioteca Rego da Balsa ou a Ludoteca
981 758 580
biblioteca@carballo.gal

www.carballo.gal

www.apego.gal



Coordina:



Danza da choiva Teatro infantil con Elefante Elegante

Domingo 18 de marzo
18.00 h | Auditorio do Pazo da Cultura

Que acontecería se de súpeto deixase de chover? Non durante un mes, un verán ou un ano, senón para sempre? Esta é a pregunta que coloca a *Danza da choiva*, un espectáculo sen palabras onde conviven o teatro xestual, a danza, a manipulación de obxectos e os monicreques. *A Danza da choiva* trata un tema serio a través dunha posta en escena poética e visual. Os seus efectos cómicos, plásticos e oníricos advirten e divirten o público familiar e infantil a partir dos 3 anos.

Participación: público familiar. Condicións, reserva e venda de entradas anunciada na programación dos Venres Culturais 2018.

Organiza: Concellaría de Cultura - Programa Venres Culturais
Colabora: Rede Galega de Teatros e Auditorios - Agadic (Xunta de Galicia)

Facendo teatro Contacontos teatral de Trinketrinke

Mércores 21 de marzo
17.00 h e 18.30 h (dúas sesións) | Biblioteca Rego da Balsa

Ao rato Fuco encántalle o teatro, sobre todo polo que ten de xogo e porque é unha actividade de grupo. Hoxe vai dirixir a obra *O pequeno*

raposo, representada por algúns dos nenos e nenas asistentes, que tras uns divertidos exercicios preparatorios estarán listos/as para actuar.

Participación: máximo 60 nenos/as de 3-8 anos en cada unha das sesións, acompañados/as dunha persoa adulta. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde o 14 de marzo.

Organiza: Biblioteca - Concellaría de Cultura



Infancia en xogo: xogar é urgente Charla de Yaiza Antelo, psicóloga

Xoves 22 de marzo
18.00 h | Pazo da Cultura

O xogo na infancia é a forma na que os nenos e as nenas expresan como son, en relación consigo mesmos, a familia e o contorno. Disto, e desde un punto de vista didáctico e práctico, falaremos nesta charla dirixida a nais e pais e que impartirá Yaiza Antelo, psicóloga da Udiab Bergantiños

Participación: pais, nais e persoas interesadas en xeral. Confirmación de asistencia no Servizo de Normalización Lingüística ou no enderezo electrónico nelvidal@carballo.org.

Organiza: Udiab Bergantiños e Servizo de Normalización Lingüística (SNL)



Chimpo de ra Nanocontos para bebés con Raquel Queizás

Martes 27 de marzo
17.15 h e 18.15 h (dúas sesións)
Ludoteca Municipal

Un contacontos para bebés que estimula as habilidades de percepción espacial e psicomotricidade dos bebés a través de pequenas historias que captan o seu interese e atención mentres aprenden novos nomes para as cousas que acaban de descubrir.

Participación: dirixido a bebés de 0-3 anos. Poden participar un máximo de 20 familias por orde de inscrición en cada unha das sesións. Inscrición previa de balde desde o día 20 de marzo na Biblioteca Rego da Balsa ou na Ludoteca.

Organiza: Ludoteca - Concellaría de Cultura

Masaxe Shantala Obradoiro de masaxes para bebés

Mércores 28 de marzo
17.30 h | Ludoteca Municipal

A masaxe shantala é unha técnica milenaria, de orixe hindú, que consegue calmar os/as bebés. Neste obradoiro de Maruxa Suárez descubriremolo de maneira práctica.

Participación: dirixido a bebés. Poden participar un máximo de 10 nais/pais con bebé por orde de inscrición. Inscrición previa de balde desde o día 21 de marzo na Biblioteca Rego da Balsa.

Organiza: Ludoteca - Concellaría de Cultura

Xaneiro

Babycontos Contos para bebés con Tótem

Martes 23 de xaneiro
17.30 h | Biblioteca Rego da Balsa

Paxariña de papel, Cocorico e outros contos que farán que as e os máis peques presten toda a atención.

Participación: dirixido a bebés de 0-3 anos. Poden participar un máximo de 10 bebés por orde de inscrición. Inscrición previa de balde desde o día 18 de xaneiro na Biblioteca Rego da Balsa.

Organiza: Biblioteca - Concellaría de Cultura

As illas do tesouro Contacontos teatral de Trinketrinke

Mércores 24 de xaneiro
17.00 h e 18.30 h (dúas sesións) | Biblioteca Rego da Balsa

A ratiña Carolina pídelles axuda a Pillo para planificar unha expedición na procura dun tesouro mergullado nas illas Sisargas. Para o rescate terán en conta o principio científico da campá de inmersión.

Participación: máximo 60 nenos/as de 3-8 anos en cada unha das sesións, acompañados/as dunha persoa adulta. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde o 17 de xaneiro.

Organiza: Biblioteca - Concellaría de Cultura



Fíos do querer Espectáculo musical de Cé Orquestra Pantasma

Xoves 25 de xaneiro
18.00 h | Pazo da Cultura

Tecendo coas agullas máxicas do amor, dos bicos, aloumiños e fermosas primeiras experiencias compartidas e celebradas foi medrando *Fíos do querer*, envoltorio agarimoso dun home orquestra

para xogar, cantar e bailar cos nenos e coas nenas de colo.

Participación: máximo 75 nenos/as de 0-3 anos, acompañados/as dunha persoa adulta, por orde de inscrición. Inscrición previa de balde desde o día 18 de xaneiro no Servizo de Normalización Lingüística ou no enderezo electrónico nelvidal@carballo.gal.

Organiza: Servizo de Normalización Lingüística (SNL)



Conto me río Nanocontos para bebés con Raquel Queizás

Martes 30 de xaneiro
17.15 h e 18.15 h (dúas sesións)
Ludoteca Municipal

Un contacontos para bebés que estimula as habilidades de percepción espacial e psicomotricidade dos bebés a través de pequenas historias que captan o seu interese e atención mentres aprenden novos nomes para as cousas que acaban de descubrir.



Coñece máis sobre o programa Apego no web www.apego.gal ou na páxina de Facebook Apego.gal

Estás a agardar un bebé? Parabéns!

Podes contactar co Servizo de Normalización Lingüística (981 704 304 nelvidal@carballo.gal) do Concello de Carballo para inscribirte no proxecto Apego e recibir os materiais de benvida! :-)

Tes fillas ou fillos de ata 6 anos?

Pois tamén podes dirixirte ao Servizo de Normalización Lingüística para inscribirte no programa Apego e así recibir información sobre todas as actividades e recursos!

Participación: dirixido a bebés de 0-3 anos. Poden participar un máximo de 20 familias por orde de inscrición en cada unha das sesións. Inscrición previa de balde desde o día 23 de xaneiro na Biblioteca Rego da Balsa ou na Ludoteca.

Organiza: Ludoteca – Concellaría de Cultura

O Entroido xa vén Obradoiro de máscaras de peliqueiros e cigarróns

Mércores 31 de xaneiro

17.30 h | Ludoteca Municipal


Os rapaces e rapazas farán as súas propias máscaras de peliqueiro e cigarrón.

Participación: dirixido a nenas e nenos de 4-10 anos. Poden participar un máximo de 20 nenos/as por orde de inscrición. Inscrición previa de balde desde o día 24 de xaneiro na Biblioteca Rego da Balsa ou na Ludoteca.

Organiza: Ludoteca – Concellaría de Cultura

Participación: dirixido a nenas e nenos de 3 a 6 anos. Poden participar un máximo de 25 nenos/as por orde de inscrición. Inscrición previa de balde desde o día 15 de febreiro na Biblioteca Rego da Balsa.

Organiza: Biblioteca – Concellaría de Cultura



Pitusa Semifusa e os estilos musicais Concerto infantil

Domingo 25 de febreiro

18.00 h | Auditorio do Pazo da Cultura

A vida está chea de cores e de sabores diferentes, e tamén de

estilos musicais. Por iso, a través de divertidas e didácticas cancións, o grupo Pitusa Semifusa daranos a coñecer o blues, o reggae, o funky, o swing, o hip hop..., para non parar de cantar e de bailar, e para achegarnos un mundo cheo de matices musicais que cómpre gozar e valorar na diversidade que sempre enriquece.

Participación: público familiar. Condicións, reserva e venda de entradas anunciada na programación dos Venres Culturais 2018.

Organiza: Concellaría de Cultura - Programa Venres Culturais

Colabora: Rede Galega de Teatros e Auditorios – Agadic (Xunta de Galicia)

Febreiro

Aventuras na cociña Contacontos teatral de Trinketinke

Mércores 7 de febreiro

17.00 h e 18.30 h (dúas sesións) | Biblioteca Rego da Balsa

Á parte de artista, Lili Gruyére é unha gran cociñeira. Hoxe vai preparar en directo un menú moi san. Nesta sesión trátase o tema da alimentación e propóñense hábitos saudables.

Participación: máximo 60 nenos/as de 3-8 anos en cada unha das sesións, acompañados/as dunha persoa adulta. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde o 31 de xaneiro.

Organiza: Biblioteca – Concellaría de Cultura

Non máis guerras Contacontos teatral de Trinketinke

Mércores 21 de febreiro

17.00 h e 18.30 h (dúas sesións) | Biblioteca Rego da Balsa

A gran Lili Gruyére e Fuco reflexionan sobre a guerra e as súas causas e van realizar, coa colaboración dos nenos e nenas, un experimento moi interesante. Sesión de educación para a paz.

Participación: máximo 60 nenos/as de 3-8 anos en cada unha das sesións, acompañados/as dunha persoa adulta. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde o 14 de febreiro.

Organiza: Biblioteca – Concellaría de Cultura

Ioga para nen@s Obradoiro con Nuria Varela

Xoves 22 de febreiro

17.30 h | Biblioteca Rego da Balsa

Conto interactivo *Un bosque tranquilo* no que os/as nenos/as acompañan á narradora a través de movemento, posturas de ioga e outros estímulos sensoriais coma oídos, olores e a relaxación.



O xogo de Nano Nanocontos para bebés con Raquel Queizás

Martes 27 de febreiro

17.15 h e 18.15 h (dúas sesións) | Ludoteca Municipal

Un contacontos para bebés que estimula as habilidades de percepción espacial e psicomotricidade dos bebés a través de pequenas historias que captan o seu interese e atención mentres aprenden novos nomes para as cousas que acaban de descubrir.

Participación: dirixido a bebés de 0-3 anos. Poden participar un máximo de 20 familias por orde de inscrición en cada unha das sesións. Inscrición previa de balde desde o día 20 de febreiro na Biblioteca Rego da Balsa ou na Ludoteca.

Organiza: Ludoteca – Concellaría de Cultura



As aventuras de Mamá Cabra Contacontos musical

Mércores 28 de febreiro

18.00 h | Pazo da Cultura

Gloria Mosquera leva máis de quince anos creando cancións coas que gozar, aprender e cantar coa música do grupo Mamá Cabra, e coas que encher o mundo de notas musicais de cores vivas con cheiro a campo verde, de sons que darán vida a historias máxicas. Nesta ocasión e na compañía de Iago Rodríguez, ás teclas e percusións, levaranos polas creacións deste grupo, coñecido por pequen@s e maiores.

Participación: máximo 75 nenos/as de 1-4 anos por orde de inscrición. Inscrición previa de balde desde o día 21 de febreiro no Servizo de Normalización Lingüística ou no enderezo electrónico nelvidal@carballo.gal.

Organiza: Servizo de Normalización Lingüística (SNL)

Marzo

Contos vellos, novos finais Contacontos con Caxoto

Xoves 1 de marzo

18.00 h | Biblioteca Rego da Balsa

Sesión de contos para nenas e nenos arredor da igualdade, con motivo do Día das Mulleres, que ten lugar o 8 de marzo.

Participación: para nenas/os a partir de 4 anos. Poden participar un máximo de 60 nenos/as por orde de inscrición en cada unha das sesións. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde o 22 de febreiro.

Organiza: Biblioteca – Concellaría de Cultura



Fálame moito e ben Obradoiro para nais e pais

Martes 6 de marzo

18.00 h | Pazo da Cultura

Obradoiro dirixido a nais e pais en que a psicóloga Raquel Varela, de Oikos, traballará coas persoas asistentes como estimular a fala das nenas e dos nenos, cando e como falarlles, as fases de adquisición da linguaxe, a identificación e problemas na adquisición da fala, a convivencia de linguas, etc.

Participación: máximo 25 nais e pais por orde de inscrición. Inscrición previa de balde desde o día 27 de febreiro no Servizo de Normalización Lingüística ou no enderezo electrónico nelvidal@carballo.gal.

Organiza: Servizo de Normalización Lingüística (SNL)

Familias diversas Contacontos teatral de Trinketinke


Mércores 7 de marzo

17.00 h e 18.30 h (dúas sesións) | Biblioteca Rego da Balsa

Hoxe visitanos a ratiña Carolina. Vainos falar da súa mamá Rita, que é a directora da banda de música de Lonxedetodo e da súa mamá Rosalinda, desactivadora de trampas para ratos. Carolina está empezando a pensar que quere ser de maior...

Participación: máximo 60 nenos/as de 3-8 anos en cada unha das sesións, acompañados/as dunha persoa adulta. É necesario recoller convite, de balde, na Biblioteca Rego da Balsa desde o 28 de febreiro.

Organiza: Biblioteca – Concellaría de Cultura



A galiña azul

Monicreques con Tanxarina

Domingo 11 de marzo

18.00 h | Auditorio do Pazo da Cultura


Lorenzo ten unha galiña azul con cinco plumas vermellas na súa ala dereita. Unha galiña moi fermosa e moi rara. Pon ovos de cores. Ademais, non canta cacaracá como as demais, senón que canta cocorocó. E isto ten preocupadas as autoridades...

Unha das compañías máis importantes de Galicia presenta este espectáculo de monicreques e actores que adapta a obra clásica de Carlos Casares e que fala da diversidade e da solidariedade.

Participación: público familiar. Condicións, reserva e venda de entradas anunciada na programación dos Venres Culturais 2018.

Organiza: Concellaría de Cultura - Programa Venres Culturais

Colabora: Rede Galega de Teatros e Auditorios – Agadic (Xunta de Galicia)



Radio Bulebule Concerto infantil de Paco Nogueiras

Xoves 15 de marzo

18.00 h | Auditorio do Pazo da Cultura

Un dos músicos preferidos da rapazada, Paco Nogueiras, presenta o seu novo traballo musical, *Radio Bulebule*, inspirado no medio radiofónico. As cancións dispóñense ao xeito de grella de programación dunha peculiar emisora na que non

falta a sintonía de entrada, a axenda cultural, o magazine de variedades, música, faladoiro, noticias, información deportiva, previsión meteorolóxica... E todo en formato musical e festeiro!

Participación: público familiar. Recollida de convites, de balde, desde o 8 de marzo na Biblioteca Rego da Balsa.

Organiza: Servizo de Normalización Lingüística (SNL)